



## INFORMACIÓN XERAL PROCESO ADMISIÓN CURSO 2023-2024

As ensinanzas de formación profesional conducentes á obtención dos títulos de técnico e de técnico superior están organizadas en ciclos formativos de grao medio e de grao superior, respectivamente

Para realizar estudos nos centros docentes sostidos con fondos públicos é necesario, ademais de cumprir os requisitos de acceso, participar nun proceso de admisión.

Este proceso establece un sistema de prioridades na adxudicación de prazas para cada centro educativo e para cada ciclo formativo (e, de ser o caso, de cada módulo profesional), así como os prazos de presentación de solicitudes e de formalización da matrícula.

### PASOS A SEGUIR PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE ADMISIÓN A CICLOS:

[Ciclosadmisión](#) é a aplicación desenvolvida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades permite xestionar:

- **Admisión aos ciclos formativos** de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- **Reclamacións:** A aplicación informática Ciclosadmisión permitirá a todas as persoas con solicitude facer unha reclamación se o estiman pertinente

Durante os períodos de solicitude establecidos (cumprindo os requisitos de acceso), é preciso utilizar o asistente informático para xerar unha solicitude web.

No caso de ser necesario cómpre levar, dentro do período establecido, a solicitude web xerada co asistente informático a validar a un centro con oferta de FP sostida con fondos públicos.

É importante consultar as listaxes de solicitudes (provisional e definitiva) así como as de adxudicación. As datas son as sinaladas no calendario de admisión.

No caso de ser adxudicatario deberá matricularse ou renunciar, durante o período establecido. A renuncia so é necesaria nos ciclos en réxime ordinario.

### CALENDARIO DE ADMISIÓN CURSO 2023-2024

[https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/10192](https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/10192)

[https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/10193](https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/10193)

Normativa reguladora do proceso de admisión

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160627/AnuncioG0164-210616-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160627/AnuncioG0164-210616-0003_gl.html)

## OFERTA DE CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL CURSO 2023-2024

### CFEA GUISAMO

#### FP DUAL

Ciclo Formativo de Grao Medio en Xardinería e Florería (15 prazas)

#### RÉXIME MODULAR/ADULTOS MODALIDADE A DISTANCIA

Ciclo Formativo de Grao Medio en Xardinería e Florería (50 prazas por módulo)

Ciclo Formativo de Grao Superior en Paisaxismo e Medio Rural (50 prazas por módulo)

#### RÉXIME ORDINARIO:

Segundo curso do CS Paisaxismo e Medio Rural (25 prazas)

### CFEA SERGUDE

#### FP DUAL

Ciclo Formativo de Grao Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal (23 prazas)

#### RÉXIME ORDINARIO:

Ciclo Formativo de Grao Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal (22 prazas)

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agropecuaria (20 prazas)

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (20 prazas)

#### RÉXIME MODULAR/ADULTOS MODALIDADE PRESENCIAL

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agroecolóxica (15 prazas por módulo)

### CFEA PEDRO MURIAS

#### FP DUAL

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (15 prazas)

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agroecolóxica (15 prazas)

## CFEA BECERREÁ

### RÉXIME ORDINARIO:

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (20 prazas)

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural (22 prazas)

## CFEA LOURIZÁN

### RÉXIME ORDINARIO:

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (20 prazas)

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural (22 prazas)

Máis información na web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>

Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Esta páxina contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.